

ria de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo, esta Dirección Xeral de Turismo

RESOLVE:

Conceder título-licenza de axencia de viaxes do grupo retallista con XG-300 a Viaxes Píntega con casa central na urbanización El Pinar, rúa Cruceiro, bloque 1, baixo, O Porriño, Pontevedra, da que é titular María Mercedes Domínguez Ledo, que poderá exercer a súa actividade mercantil a partir da data de publicación desta orde no DOG, con suxeición ao preceptuado no Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo. A dita axencia quedará inscrita no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma galega.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Previamente, poderá interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Todo iso sen prexuízo da posibilidade de interpor recurso extraordinario de revisión nos supostos e prazos previstos no artigo 118 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2007.

P.D. (Orde 31-1-2006, DOG nº 24)
Rubén C. Lois González
Director xeral de Turismo

**CONSELLERÍA DE VIVENDA
E SOLO**

Cédula do 27 de novembro de 2007, da Delegación Provincial da Coruña, de notificación de requirimentos de pagamento aos debedores que se relacionan. (Expediente C-2-CD/68, conta 545).

En cumprimento do disposto no artigo 59 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e de conformidade co establecido no artigo 30.1º do texto refundido de VPO, Real decreto 2960/1976, do 12 de novembro, e no punto primeiro do artigo 133.1º do regulamento de VPO, Decreto 2114/1968, do 24 de xullo, en relación coa Lei 4/2003, do 29 de xullo, de vivenda de Galicia, notifícaselles aos interesados cos datos e domicilio

(identificado por nº de expediente e conta) que a seguir se relacionan, os requirimentos de pagamento dos recibos pendentes e que ascenden ás cantidades que se sinalan, facéndolles constar que se irán incorporando ao total da débeda os posteriores vencementos que resulten faltas de pagamento e que lles serán reclamados por todos os medios legais.

Tendo en conta as obrigas dimanantes dos contratos suscritos por vostedes coa Xunta de Galicia, e de acordo co establecido no artigo 142 do regulamento, en relación co artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, concédeselles un prazo de dez días hábiles para se poren ao día nas súas obrigas ou compareceren na delegación provincial, en trámite de audiencia, para os efectos de presentar os documentos e xustificacións que consideren convenientes ao seu dereito.

En caso contrario, procederase á resolución dos seus contratos, que se acordará no expediente de desafuzamento ou, de ser o caso, execución hipotecaria, iniciado co presente documento, e que rematará co conseguinte lanzamento da vivenda, para a súa posterior adxudicación a outro beneficiario.

Expido, asino e selo esta cédula.

Coruña, 27 de novembro de 2007.

Xoán Carlos Bascuas Jardón
Delegado provincial da Coruña

ANEXO

Mª Jesús Núñez Lourido, Rachid Errerhrhay Bent Tahar e herdeiros.

Expediente C-2-CD/68 (F.P. 117/07).

Conta: 545.

R/ Alcalde Quintanilla Martínez, s/n, edif. 7, nº 7-5º B I (Ferrol).

Importe débeda: 3.104,25 €.

**INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA
E SOLO**

Resolución do 21 de decembro de 2007 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite urxente, da contratación de finalización das obras de urbanización e construción de 21 VPP en Ribeira (A Coruña). (Expediente C-2007/020).

1. Entidade adxudicadora.

Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: finalización das obras de urbanización e construción de 21 VPP en Ribeira (A Coruña).

b) Prazo de execución: 12 meses.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación: urgente.
- b) Procedemento: aberto.
- c) Forma: concurso público.

4. Orzamento base de licitación.

Importe total: un millón trescentos cincuenta e tres mil trescentos noventa e sete euros con setenta e un céntimos (1.353.397,71 €), IVE incluído.

5. Garantías.

- a) Provisional: exenta.
- b) Definitiva: 4% do orzamento de adxudicación.

6. Requisitos específicos do contratista.

Clasificación: C-4-e.

7. Obtención de documentación.

-Os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas polos que haberá de rexerse a contratación poderán recollese durante o prazo de presentación de proposicións en:

-Copistaría *Copy Nino*.

Enderezo: Xeneral Pardiñas, 2, Santiago de Compostela.

Tel.: 981 58 89 38.

-Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación a través da internet no enderezo:

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=9157>

8. Presentación de ofertas.

As proposicións, que se axustarán ao modelo que se inclúe no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, presentaranse no rexistro da sede dos servizos centrais do IGVS (polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, Santiago de Compostela), antes das 14.00 horas do décimo terceiro (13) día natural contado a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De coincidir o dito día en sábado ou festivo, o prazo para a presentación das propostas rematará o primeiro día hábil seguinte. Cando a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da dita oferta mediante telegrama ou fax (981 54 16 00) no mesmo día.

9. Posibilidade de variantes.

Non se admiten.

10. Apertura de ofertas.

A apertura das proposicións admitidas será realizada pola mesa de contratación, reunida en acto público no salón de actos da sede dos servizos centrais do IGVS, ás dez (10.00) do décimo primeiro (11) día natural contado a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación de proposicións. Se ese día coincidise en sábado ou festivo, a mesa reuniríase o primeiro día hábil seguinte á mesma hora.

11. Gasto do anuncio.

O importe deste anuncio será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2007.

Teresa Táboas Veleiro

Presidenta do Instituto Galego

da Vivenda e Solo

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 30 de novembro de 2007, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, pola que se anuncia a contratación, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e forma de adxudicación por concurso, da subministración sucesiva de medicamentos anti-TNF (Infliximab, Etanercept 50, Etanercept 25 e Adalimumab) para este complexo hospitalario AC-CHX1-07-027.

O director xerente do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, en virtude das competencias que ten delegadas na orde da Consellería de Sanidade do 8 de maio de 2006, publicada no DOG nº 99, do 25 de maio, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, resolve anunciar a seguinte licitación:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde. Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo. Rúa Doutor Severo Ochoa, s/n, 27004, Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo Contratación Administrativa.

c) Número de expediente: AC-CHX1-07-027.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: subministración sucesiva de medicamentos anti-TNF (Infliximab, Etanercept 50, Etanercept 25 e Adalimumab).

b) Número de unidades para entregar: estimadas.

c) División por lotes e número: si, catro.

d) Lugar de entrega: o indicado no seu momento pola Dirección do centro.

e) Prazo de entrega: ver o número 17.2. do prego de cláusulas administrativas particulares.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.